



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº /2024

- I. Visto que a bolsa de bolsa de emprego que se constituíu en 2022 para a contratación temporal de auxiliares SAF —Decreto 2022-0085, de data 10 de xuño de 2022 —, non é suficiente para a eficaz cobertura das baixas de persoal que podan ter lugar no Servizo de axuda no fogar deste Concello;
- II. Visto, ademais, que a bolsa de emprego antedita remata a súa vixencia o 31 de decembro de 2024;
- III. E sendo preciso, por tanto, iniciar o procedemento administrativo necesario para a levar a cabo a eventual cobertura das baixas de persoal que podan xurdir nun futuro por incapacidade temporal, permisos ou licenzas dos traballadores actuais do SAF de Negueira de Muñiz; ou ben, xa de xeito excepcional, para realizar as contratacións de persoal que sexa preciso subscribir para atender a servizos temporais extraordinarios, estacionais ou urxentes que non podan prestarse co persoal existente, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

No uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases que rexeran o proceso selectivo para creación dunha bolsa de emprego público temporal de auxiliares de axuda no fogar, cuxo contido se transcribe á continuación:

BASES REGULADORAS DE PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto a selección de persoal laboral temporal para a constitución dunha Bolsa de Emprego Público temporal na categoría de Auxiliar de axuda no fogar do Concello de Negueira de Muñiz, aos efectos de cubrir as actuais e as eventuais necesidades de persoal que puideran xurdir por ausencias de persoal debido a incapacidade temporal, permisos ou licenzas das traballadoras actuais, ou, de xeito extraordinario, para atender a servizos temporais, estacionais ou urxentes que non podan prestarse co persoal existente.

As tarefas propias da praza convocadas serán as que seguen:

- *Coidado e atención das persoas segundo a Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia (Ordenanza municipal de Axuda no fogar, BOP nº 141, de 21 de xuño de 2014).*

Os traballos realizaranse en domicilios situados en diferentes núcleos do municipio, de acordo coa programación de traballo que estableza o/a traballador/a Social do concello. Por tal motivo, as persoas seleccionadas terán que contar cos medios propios necesarios para o seu desprazamento dentro da xornada laboral.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración dos contratos realizados ao abeiro desta bolsa abranguerá, unicamente, os períodos de tempo nos que os traballadores do SAF municipal se atopen en situación de baixa laboral ou disfrutando dos seus períodos vacacionais. Serán contratos, por tanto, de interinidade. Nos casos en que a contratación se efectúe debido a necesidades





extraordinarias ou excepcionais, a duración dos contratos se estenderá ata o momento en que dita excepcionalidade desapareza segundo o criterio do traballador social municipal.

3.- SISTEMA DE PROVISION.

Concurso-oposición.

4.- XORNADA LABORAL.

Segundo a xornada do traballador substituído.

5.- RETRIBUCIÓNS.

As establecidas no Convenio Oficial que lles é de aplicación.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser de nacionalidade española, nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxuxe dun español ou dun nacional dun Estado membro de Unión Europea non separado de dereito, ou estranxeiro con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c) Posuír permiso de condución e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo municipio.

d) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Non se contempla a esixencia do reflectido no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no que atinxe á tenencia do certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar deles ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais do Concello de Negueira de Muñiz, e irán acompañadas de fotocopia do DNI, permiso de condución e documentación acreditativa dos méritos alegados, os cales serán incorporados ao Rexistro municipal de entrada de documentos.

As solicitudes poderán presentarse durante o prazo de sete días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Ademais achegarase o xustificante de pago na conta bancaria 0072-0209-94-0000100038 da taxa de 10 €, segundo o disposto pola Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxas pola expedición de documentos administrativos, no seu epígrafe quinto punto 4º (BOP nº 187, do 17 de agosto de 2011 e modificación en BOP Nº 277, de 2 de decembro de 2015).

Malia o anterior, aqueles candidatos que poidan acreditar a súa condición de “desempregado” mediante a presentación da “Tarxeta de demandante de emprego”, obterán unha bonificación do 50% na taxa anteriormente citada, polo que deberán aboar soamente 5 €, todo elo consonte o reflectido na modificación da Ordenanza aprobada no Pleno Municipal celebrado o 29 de setembro de 2015 (BOP Nº 277, de 2 de decembro de 2015)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas —con mención expresa dos motivos de exclusión—, e designando ao tribunal cualificador encargado de dirimir o proceso selectivo. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello (www.concellodenegueira.es).

Concederase, asemade, un prazo de dous días naturais para emenda, polas persoas excluídas, dos defectos a que alude o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e para a abstención e recusación dos membros do Tribunal, de conformidade co disposto no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público,

A publicación da devandita resolución no Taboleiro de Edictos da Corporación será determinante, así mesmo, para efectos de posible impugnación e recursos, de conformidade co previsto na invocada Lei.

A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo para reclamacións, se non as houberse; no caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, na mesma forma que a anterior. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

8.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por resolución da Alcaldía. Tódolos vogais do tribunal deberán ter titulación académica ou especialización profesional iguais ou superiores á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Igualmente, as persoas





aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente e do secretario/a. O tribunal cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

9.-CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes constará das seguintes fases:

9.1.-FASE DE CONCURSO, ata un máximo de 6 puntos, na que se valorarán os seguintes méritos:

A) Titulación e cursos (máximo de 2 puntos).

a.1) Por estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio (R.D. 331/1997) ou do certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas a domicilio (R.D. 1379/2008), de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos Socioculturais e á comunidade ou título de Formación Profesional Regrada (ciclo medio) de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia: 2 puntos.

a.2.) Cursos impartidos por unha Institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de máis de 75 horas de duración: 1 punto por cada un.

a.3.) Cursos impartidos por unha institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de máis de 20 horas de duración: 0,5 puntos por cada un.

a.4.) Unidade de competencia acreditada relacionada co Certificado de Profesionalidade de Auxiliar de Axuda a domicilio: 1,0 puntos por cada un.

B) Experiencia laboral (máximo 2 puntos).

b.1) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral, fixa ou temporal, contractual ou funcionarial, sexa esta de carreira ou interina, como auxiliar de axuda no fogar ou equivalente: 0,10 puntos.

b.2) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas como auxiliar de axuda no fogar ou equivalente: 0,05 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial, os servizos valoraranse proporcionalmente

Os méritos deste apartado acreditaranse mediante certificación dos servizos prestados ou informe da vida laboral, á que se deberán achegar de xeito obrigatorio os contratos de traballo.

C) Entrevista persoal (máximo 2 puntos).

Consistirá na realización dun ha entrevista persoal ao candidato por parte dos membros do tribunal de selección, de cara a avaliar as capacidades persoais de aqueles para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

9.2.-FASE DE OPOSICIÓN, ata un máximo de 4 puntos. Consistirá na realización dun exame tipo test, de entre dez e vinte preguntas, sobre aspectos relacionados coa Ordenanza municipal do Servizo de axuda no fogar de Negueira de Muñiz (BOP Lugo nº 141, de 21 de xuño de 2014) e co desenvolvemento das actividades que lle son propias a este servizo (art. 4 da Ordenanza SAF). Tamén se poderán incluír preguntas sobre o medio físico e infraestruturas do municipio de Negueira de Muñiz. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 20 minutos. Esta proba non terá carácter eliminatorio.

9.3.- EMPATE NA PUNTUACIÓN.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no apartado C da fase de concurso.

2. Puntuación obtida no apartado B da fase de concurso.

3. Puntuación obtida no apartado A da fase de concurso.

De persistir o empate decidirase por sorteo público.

10.- FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

Reunida a comisión seleccionadora, esta efectuará a selección dos aspirantes de xeito ordenado segundo a puntuación total obtida por cada aspirante no proceso selectivo. Esta listaxe, que terá carácter provisional, será elevada ao Alcalde, quen deberá aprobala por Resolución. Posteriormente será publicada no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web municipal. As persoas que non estean de acordo coas puntuacións outorgadas disporán de dous días hábiles para realizar as alegacións pertinentes. Revisadas ditas alegacións, procederase a elaborar o listado definitivo, que será publicado polos mesmos medios, entrando en vigor inmediatamente. A bolsa de emprego estará vixente por unha duración de tres anos.

11.- CHAMAMENTOS AOS ASPIRANTES.

Os chamamentos aos membros da bolsa de emprego faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción, en orde descendente segundo a puntuación obtida polos candidatos. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.





Aqueles candidatos que, sen causa obxectiva para elo (enfermidade, estar en situación laboral activa no momento do chamamento, etc), renunciasen a cubrir as substitucións para as que foran chamados, pasarían a ocupar o derradeiro posto na bolsa de emprego.

12.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para o bo orde do proceso selectivo. En todo o non previsto nestas Bases rexerá como supletorio o Regulamento Xeral do ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado de 1995; Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, e demais normas aplicables.

A presente convocatoria e as súas bases poderán recorrerse mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. O Alcalde-Presidente

José Manuel Braña Pereda

Segundo.- Que se de traslado do anterior ao Libro de Decretos do Concello de Negueira de Muñiz, así como ao Pleno municipal na próxima sesión que de este se celebre.

Mándao e asínoa en Negueira o Sr. Alcalde-Presidente D. José Manuel Braña Pereda, na data da sinatura electrónica reflectida ao marxe, do que eu, D^a. Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-interventora no Servizo da Excma. Deputación provincial de Lugo para a asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos da provincia de Lugo, comisionada por Decreto da Presidencia do Ente provincial de data 1 de decembro de 2023 para exercer as funcións de Secretaria-interventora no Concello de Negueira de Muñiz, dou fe.

O Alcalde-presidente

A Secretaria-interventora en comisión circunstancial

José Manuel Braña Pereda

Leticia Rodríguez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

